

MESA SECTORIAL DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 3 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión referida unha vez feitas as alegacións correspondentes por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE POLA QUE SE CONVOCA O PROCEDEMENTO PARA QUE O PROFESORADO DO CORPO, A EXTINGUIR, DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL SE INTEGRE NO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED...)

Na Mesa Sectorial Estatal ANPE xa demandou que exista coordinación e axilidade no proceso de integración. Por ese motivo nos parece importante que Galicia abra xa o proceso para poder ter resolta a cuestión de cara a futuros procesos selectivos e outras cuestións. Desde ANPE Galicia creemos que, unha vez finalizado este primeiro proceso, debería convocarse unha mesa técnica para comprobar a situación despois do mesmo.

ANPE Galicia considera que, nas convocatorias públicas que realicen as Comunidades Autónomas para a integración do profesorado do corpo a extinguir, dos profesores técnicos de Formación Profesional no corpo de PES debe incluírse a TODO o persoal docente que reúna os requisitos de titulación sen que isto supoña máis dilación na inmediata integración dos mesmos.

Demandamos coñecer a data prevista de publicación da Orde e tamén do prazo no que se vai a resolver o proceso de integración (que xa sabemos que será menor dos 5 meses que recolle a Orde) e demandamos que dita resolución sexa o máis rápida posible.

Desde ANPE Galicia demandamos a **equiparación retributiva de TODO o persoal docente da Formación Profesional**. Para iso estaríamos dispostos a entrar nunha negociación dun complemento retributivo compensatorio para todo o persoal que, por carecer de titulación, non poida integrarse no corpo de PES. **A Administración resposta que non ten cabida ningún complemento compensador.**

A marxe do anteriormente indicado consideramos desde ANPE Galicia que tanto a Administración Estatal como a Autonómica deberían facer o esforzo para que todo o profesorado teña a opción de poder integrarse no grupo funcional A1 (mantendo, iso si, as atribucións docentes nos seus corpos docentes). Deste xeito deberían abrirse regularse procesos para a integración por exemplo do persoal do corpo 596 (Mestres de Artes Plásticas e Deseño) no 597 (Profesores de Artes Plásticas e Deseño) ou do corpo de mestres para que pase a formar parte do grupo A1 xa que o título de Grado un equivalente é o requisito con carácter xeral de acceso á función pública docentes. Insistimos en que, para evitar situacións discriminatorias, debería facilitarse a integración de todo o persoal docente no grupo funcional A1.

Demandamos información e axilidade na xestión do pagamento dos atrasos, dos trienios perfeccionados desde o 19 de xaneiro de 2021, así como a extensión dos dereitos de integración ao profesorado que se xubilase ou se xubile e do que accedera a Secundaria desde a entrada en vigor da LOMLOE.

Demandar a integración do profesorado a listaxe de Prácticas e Actividades tendo en conta que dita lista se nutre, na maioría dos casos, de profesorado da especialidade de Servizos á Comunidade (que é obxecto de integración no corpo de PES).

Debe darse tamén unha solución para que se compute a efectos retributivos no corpo de PES o ano de prácticas dos que superaron procesos selectivos no corpo de PTFP no ano 21/22,

Tendo en conta que o prazo para poder presentar titulación superior de cara a integración remata no ano 2026 desde ANPE Galicia demandamos a oferta de licenzas de formación para que o persoal poida rematar os estudos correspondentes para a obtención dunha titulación superior.

Por último, na Orde que se nos presenta, botamos en falta a regulación do proceso para o profesorado que ten destino no exterior como si se recolle no Real Decreto.

A Administración resposta que hai moitas cuestións que demandaron tamén eles a nivel Estatal pero que non lles admitiu por parte do Ministerio e que agora non van entrar nelas para evitar unha posible paralización do proceso. Por exemplo, neste senso, só se inclúe ao profesorado funcionario de carreira, non se entra no tema das xubilacións.

Con respecto ao prazo de resolución, o Real Decreto establece a obriga de que a Orde recolla un prazo pero a intención da Administración é resolver o antes posible. En relación ao profesorado en prácticas, responden que todo aquel persoal que o 19 de xaneiro de 2021 non cumprise os requisitos a súa integración non terá efectos desa data. En relación ao dereito á mobilidade no CXT do profesorado non queda claro xa que o RD800/2022 non o recolle. Aclaran tamén que o profesorado interino das 19 especialidades que se integran pasan a formar parte da listas de PES. Analizarán o tema da listaxe de Prácticas e Actividades xa que é unha especialidade que non existe como tal.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS

- ANPE Galicia demanda novamente, como fai mesa tras mesa, a restitución do pagamento dos meses de verán para o profesorado substituto que traballe máis de 5,5 meses ao longo do curso académico e máis agora que se están a negociar os orzamentos da Comunidade.
- Demandar información sobre a data de convocatoria do Concurso de Orientación e esixir a do concurso de Adultos. **O concurso de Orientación sairá cando remate o CXT.**
- Demandamos a baixada de rateos en todas as etapas educativas e a redución do horario lectivo do profesorado para restituír as 21 horas no corpo de mestres e de 18 nos restantes corpos.
- Demandados a publicación da Orde de Licenzas de Formación e a de Axudas de asistencia a actividades de formación.
- Para o profesorado de PT e AL solicitamos que se revisen as súas funcións como especialistas de audición e linguaxe recollendo cales son as súas funcións directas na atención ao alumnado, ao centro e ás familias.
- En relación ás novas sentenzas emanadas desde a Sala Segunda do Tribunal Constitucional sobre o tema das Cátedras de Música desde ANPE Galicia solicitamos á Administración que solicite informes xurídicos antes de tomar calquera tipo de medida. **A Administración terá unha xuntanza esta mesma semana coa Asesoría Xeral aínda que comentan que, vista a propia sentenza, entenden que non vai a ter afectación.**
- Demandamos información sobre a situación do recoñecemento das vacacións ao persoal interino e substituto xa que temos detectado diferenzas en determinados casos entre o recollido na vida laboral e o recollido nas certificacións de servizos prestados.
- Demandamos negociación de modificacións no calendario escolar.
- Demandamos que, tal e como se comprometeu por parte da Administración na mesa sectorial do 21 de xullo de 2021, se recoñezan ambas especialidades para o Concurso de Traslados ao persoal

MESA SECTORIAL



ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA

que aprobou por dúas especialidades. **A Administración resposta que non. O feito de aprobar por dúas especialidades non implica que se che recoñezan as dúas xa que tes que optar por unha delas.**

- Demandamos novamente solución para a puntuación, de cara aos procesos de estabilización, dos servizos prestados polo persoal das especialidades de Orientación e de Prácticas e Actividades. **A Administración indica que os servizos prestados en Prácticas e Actividades e en Orientación de Primaria terán a valoración de servizos prestados nas listaxes de procedencia.**
- Demandamos o establecemento dun complemento retributivo para o persoal ADIX e denunciar o caos que se produciu con este persoal a principios do presente curso académico.
- Trasladar a nosa demanda da creación da figura **específica** da Coordinación de Benestar e que non se trasladen as súas funcións ao coordinador/a de convivencia.
- Solicitamos información sobre cando van a pasar os ROCs pola Mesa Sectorial.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:10 horas.



ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA